

NORMAS DE PARTICIPACIÓN ENTROIDO 2016

1.- Realizarase un desfile dende a **Praza da Constitución (A Solaina)** ata o **Pazo da Cultura** e, de seguido, un festival de comparsas no mesmo.

2.- Os días de inscrición serán do **25 ao 29 de xaneiro**, en horario de **09:00 a 14:00** e de **17:00 a 19:00 h.**, no **Pazo da Cultura**, tendo que presentar **6 copias** das letras a interpretar e os datos persoais do representante da comparsa.

3.- Poderán inscribirse **un máximo de 7 comparsas** de Narón e **3 de fóra** deste Concello. A selección das comparsas participantes farase por **estrita orde de inscrición**. No caso de non cubrirse o número de comparsas de Narón, poderá cubrirse con comparsas de fóra, e viceversa, sempre que a organización o estime oportuno.

4.- O Padroado resérvase a posibilidade de convidar algúnhha outra comparsa, tanto de Narón como de fóra, comprometéndose esta a participar únicamente nos actos do Día do Entroido en Narón.

5.- Tódalas comparsas participantes no festival farán o percorrido dende a **Praza da Constitución** ata a **Pazo da Cultura**, a pé, o **sábado día 6 de Febreiro**, sendo a saída convxunta ás **17:00 horas**.

6.- As letras a interpretar polas comparsas falarán, **obrigatoriamente**, de **temas locais** do **Concello de Narón**, sendo o idioma a empregar: **o galego**.

7.- Cada comparsa estará formada por un mínimo de **15 membros** que deberán ser, na súa maioría, **persoas de máis de 14 anos**.

8.- Cada comparsa disporá dun tempo **máximo de 10 minutos** para actuar nos que, co bo humor, fará crítica de todo o que nos trouxo o ano 2015.

9.- Tódalas comparsas participantes no festival e que sexan de Narón (**enténdese por comparsas de Narón, aquelas en que, como mínimo, o 75% dos seus compoñentes residan en Narón. Dato este que poderá ser comprobado pola organización**), terán a obriga de facer unha actuación na súa parroquia e outra en calquera outra parroquia do Concello, con percorrido se é posible.

10.- O Padroado da Cultura asignará unha axuda económica a tódalas comparsas participantes, coa seguinte contía:

Comparsas de fóra de Narón	300 €
Comparsas convidadas	300 €
Comparsas de Narón	600 €

11.- As Comparsas de Narón participantes no programa de Dinamización Hostelera e de Comercio, percibirán una aportación económica a maiores de **100 €** por día de participación ata un máximo de **200 €**, **podendo entón percibir una contía de ata 800 €**.

12.- Establécense os seguintes premios: **1º, 2º e 3º Premio**. Éstes consistirán nunha figura, recordo do Día do Entroido.

13.- Para o outorgamento dos premios, por parte do xurado designado polo Padroado, terase en conta:

- a) **A orixinalidade dos disfraces.**
- b) **O enxeño da crítica feita na actuación.**
- c) **A calidade musical.**
- d) **O que cada actuación supoña de recuperación do Entroido en Galicia.**

14.- A participación das comparsas no festival supón a aceptación das presentes normas.